**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de decembro de 2022, baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.ª MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, por substitución do Vicesecretario accidental, don Rafael José del Barrio Berbel, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ÁREA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. PERSOAL.-** Adoptouse o compromiso de incorpor unha praza de celador/a de CEIP na oferta de emprego público deste Concello para o ano 2024.

**2. CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS.-** Aprobouse a contratación da obra “Terminación das obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do barrio do Grupo La Paz”, a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C002-000028.

Aprobouse a contratación da obra de renovación do canil do Parque da Milagrosa, a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C002-000031.

Aprobouse a contratación da obra “Acondicionamento de parcelas municipais 27900A44100077 e 27900A44200015 en San Cibrao”, a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C002-000034.

Aprobouse a contratación da obra “Abastecemento de auga ao Núcleo de Ferreiros”. Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación. Aprobación do



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 30/12/2022) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 30/12/2022)
Versión imprimible
CVD: So36RcFgZAEVac4jcnu4
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
MURALLA patrimonio da humanidade

proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C002-000036.

Aprobouse a contratación da obra "Abastecemento de auga ao Núcleo de Cimadevila". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C002-000035.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 30/12/2022) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 30/12/2022)
Versión imprimible
CVD: So36RcFgZAEVac4jcnu4
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.